

**Eduardo Pondal “ao estilo” de Joan Zorro
(A primeira cantiga neotrobadoresca galega)**

Manuel Ferreiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FERREIRO, MANUEL (2011 [1998]). “Eduardo Pondal ‘ao estilo’ de Joan Zorro. (A primeira cantiga neotrobadoresca galega)”. *Actas do Congreso “O Mar das Cantigas”*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 213-234. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/134>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FERREIRO, MANUEL (1998). “Eduardo Pondal ‘ao estilo’ de Joan Zorro. (A primeira cantiga neotrobadoresca galega)”. *Actas do Congreso “O Mar das Cantigas”*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 213-234.

* Edición dispoñible desde o 16 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

EDUARDO PONDAL “AO ESTILO” DE JOAN ZORRO (A PRIMEIRA CANTIGA NEOTROBADORESCA GALEGA)

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña

Constitúe un tópico asentado na tradición historiográfica galega a afirmación do descubrimento da tradición lírica trovadoresca galego-portuguesa na Galiza decimonónica; mais, áinda que si é certo que na primeira parte do século a ignorancia sobre o noso pasado esplendor literario certamente era xeral, a partir de mediados do XIX comeza no interior do país a difusión do feito literario medieval e dos máis emblemáticos textos que asentaron o progresivo coñecemento do trovadorismo galego-portugués.

Nun documentado estudo, realizado por Teresa López, sobre a difusión da lírica trovadoresca galego-portuguesa evidénciase como a nosa lírica medieval tivo unha importante presenza nos medios intelectuais do Rexurdimento, especialmente na segunda parte do século a partir dos estudos e edicións realizados, en xeral, por eruditos estranxeiros (Stuart, Varnhagen, Wolf, Braga, Monaci ou Molteni, entre outros), que ían aos poucos exhmando, editando e estudando os vellos textos das cantigas¹. Mais tamén, desde datas relativamente temperás, comezan a aparecer no interior da Galiza algúns estudos sobre [214] poetas da escola trovadoresca, entre os que destaca Martín Códax, coñecido a través do artigo de Teodosio Vesteiro Torres, que manexaba a incipiente bibliografía crítica sobre a lírica medieval galega². De todos os xeitos, nun primeiro momento, tivo maior difusión a producción poética doutros poetas posteriores á escola trovadoresca, especialmente Macías, que apareci en todos os estudos que tiñan como obxecto algún aspecto referente á produción lírica medieval galega³.

Até a hora actual, a figura de Eduardo Pondal intentábase ligar á tradición trovadoresca por medio do *Canto do Vigía*, fragmento lírico d’Os Eoas conservado en redaccións manuscritas⁴, texto que chegou erradamente a ser considerado como unha mostra da primeira

¹ Vid. *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*, Santiago de Compostela, Ed. Laiovenzo, 1991.

² Vid. “Martin Codax”, *El Heraldo Gallego*, nº 147, 7.6.1876 (reditado posteriormente en *Monografías de Vigo*, Vigo, Imprenta de M. Fernández Diós, 1878, pp. 12-20).

³ Vid. T. López, *op. cit.*, pp. 14-31.

A obra de Macías era ben coñecida por Pondal, xa que, para alén da súa continua presenza na bibliografía decimonónica, o bardo bergantiñán posuía un exemplar da tradución ao español do traballo de Rennert sobre este poeta (H. A. Rennert, *Macías, o Namorado*. Traducción de J. Carré Alvarellos, La Coruña, Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1904), segundo consta no borrador da carta de agradecemento polo envío do libro (vid. M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*, Santiago de Compostela, Ed. Laiovenzo, 1991, p. 240, carta CC [1904]).

⁴ A única edición (deficiente) deste fragmento lírico é a realizada por A. Ricón (vid. Eduardo Pondal, *Novos Poemas*. Limiar, trascrición e notas de ..., Vigo, Ed. Galaxia, 1971, pp. 51-55).

influencia directa do trobadorismo medieval na literatura galega moderna⁵. Ora ben, como tamén demostrou a investigadora antes citada nun agudo estudo sobre esta composición, a “canción” pondaliana presenta non influencia da cantiga de amigo, mais un aproveitamento contrastado doutras producións literarias posteriores á lírica trobadoresca: as súas fontes debemos situálas na composición «Provei de buscar mesura», de Macías, e mais en certas elaboracións líricas camonianas en torno ao motivo dos ollos⁶.

Con todo, se considerásemos todos os textos de Eduardo Pondal até agora coñecidos, tampouco se poderían esquecer outras elaboracións poéticas (manuscritas) que teñen [215] como *leit-motiv* a apócrifa *Canción do Figueiral*⁷, tan difundida no século XIX como unha das primeiras composicións en lingua galega⁸.

Pondal, poeta neotrobadoresco

Así pois, desbotado o carácter neotrobadoresco da *Canción do Vigía*, Carles Riba, cos seus cinco “Cantares d’amigo” (1911)⁹, continuaría a ser considerado como o iniciador, na literatura galega, dun movemento que inauguraría publicamente Fermín Bouza Brey coa publicación do poema “Lelías ao teu ouvido” en 1926.

Mais este cadre cronolóxico vese agora alterado pola aparición dun poema pondaliano que está directamente inspirado nunha cantiga de amigo de Joan Zorro, constituíndo, por tanto, o primeiro paso do neotrobadorismo galego que, a partir de agora, aparecerá directamente vinculado a un dos autores emblemáticos do Rexurdimento.

A análise da bibliografía crítica da lírica trobadoresca na Galiza do século XIX e mais das relacóns de Eduardo Pondal coa elite intelectual do seu tempo pode darnos a chave da recepción pondaliana da nosa poesía medieval, coñecida directamente a través de traballois divulgativos ben accesíbeis ao poeta da Ponteceso, como o referido artigo de Vesteiro Torres, mais tamén por medio doutras moitas contribucións textuais e críticas que chegan ao Bardo bergantiñán pola súa relación e amizade con diversos persoeiros do Rexurdimento que demostraron un prolongado contacto e un coñecemento importante das nosas cantigas medievais.

Por unha parte, debido á progresiva difusión da tradición literaria galego-portuguesa medieval, resulta indubitábel que no ambiente intelectual galego da segunda metade do século XIX cada día se ía afirmando con maior intensidade a idea da continuidade lingüística e literaria galega desde a Idade Media. Sen dúbida, neste sentido debeu ser

⁵ Así o considera Pilar Castro en “Eduardo Pondal: ‘Canto do vixía’. A primeira tentativa neotrovadoreña” (*La Voz de Galicia*, 24.3.1988), incluíndo posteriormente o texto pondaliano nunha súa selección da lírica neotrobadoresca (vid. *Antoloxía da poesía neotrobadoresca*, Vigo, Ed. Galaxia, 1993, pp. 93-97).

⁶ Vid. Teresa López, “¿Nas orixes do neotrobadorismo? Notas sobre o ‘Canto do vigía’ de Eduardo Pondal”, *Grial*, 132, Outubro-Novembro-Decembro, 1996, pp. 491-501.

⁷ A única edición destes manuscritos achámola en R. Carballo Calero (*Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ..., Vigo, Ed. Galaxia, pp. 162-164), que só manexa as redaccións existentes no Arquivo Parga Pondal, sen considerar outras varias conservadas na Real Academia Galega.

⁸ Considérese, só a modo de exemplo, que na *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua* (La Coruña, Tip. de La Voz de Galicia, 1887) de Augusto González Besada aparecen máis de 40 páxinas dedicadas a este texto apócrifo (vid. pp. 27-70). As múltiplas elaboracións pondalianas arredor da “Canción do Figueiral” que se conservan na R.A.G. podería ser situadas no ano 1905, xa que se encontran nun grupo de autógrafos datados nese ano.

⁹ Vid. X. Alonso Montero, *Carles Riba e Galicia. Homenaxe no I centenario do seu nacemento. Edición, prólogo e notas de ...*, Vigo, Ed. Galaxia, 1993, pp. 192-253.

importante a publicación, dentro da ‘Biblioteca Gallega’ de Martínez Salazar, dos dous primeiros volumes da historia da literatura galega de Augusto González Besada, certamente coñecidos por Pondal¹⁰, así como o discurso de ingreso na Real Academia Española que Víctor Balaguer pronunciou en 1883, onde o autor catalán dedica algunhas páxinas a falar da literatura galega, incluído o período medieval, con grande repercusión na prensa galega da época¹¹.

Ademais, semellanos importante a relación persoal de Eduardo Pondal con Luís Rodríguez Seoane, que coñece, entre outros estudos críticos, o cancioneiro da Vaticana¹² e mostra unha conciencia ben clara da continuidade lingüístico-literaria en relación á literatura galega, cuxa elaboración moderna é considerada

como la continuación de esa gran cadena de oro cuyos eslabones han formado el misterioso bardo céltico, el vate romano, el juglar de la Galicia sueva, el trovador galego-portugués, el ciclo poético del [217] Cancionero del Vaticano, el rey D. Alfonso el Sabio, Macías, Rodríguez del Padrón, Sarmiento y tantos otros cultivadores de la lengua y poesía de Galicia¹³.

Neste sentido, unha carta de Rodríguez Seoane a Pondal¹⁴ mostra o grao de confianza e amizade existente entre ambos os dous, cunha relación que xa viña de lonxe, dado que Pondal publicara en 1858 o seu primeiro poema galego, *A campana d'Anllóns*, en *El País*, publicación fundada por Luís e José Rodríguez Seoane en Pontevedra.

Máis importante aínda para a recepción da lírica trobadoresca en Eduardo Pondal é a súa prolongada relación, afectiva e intelectual, con Manuel Murguía, erudito coñecedor

¹⁰ “Oportunamente he recibido los números 10 y 11 de la revista *Galicia*, el volumen segundo de la *Historia crítica de la literatura gallega*, y el que contiene el elogio del P. Feijoo; y agradezco mucho su fina atención” (cfr. M. Ferreiro, *op. cit.*, p. 138, carta LXXVII, 1.12.1887).

¹¹ Víctor Balaguer, *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Sr. D. Víctor Balaguer el domingo 25 de Febrero de 1883*, Madrid, Imprenta y Fundición de Manuel Tello, 1883. Resulta significativo que, a principios de 1901, no Boletín de la Biblioteca Museo Balaguer, de Vilanova i la Geltrú, publicase Pondal un poema á morte de Balaguer, datado na Coruña no 20 de Xaneiro de 1901:

Dinme que feneció
o noso ilustre e caro Balaguer.
Balaguer non morrió:
eso non pode ser.

Dinme que falleció
aquelo que non pode fallecer.
Balaguer non morrió:
eso non pode ser.

Dicenme que morrió
ese mestre gentil do *gay saber*.
Un home coma ese,
non, non pode morrer.

¹² Polo menos a través da edición de Varnhagen (*Cancioneirinho de Trovas Antigas*, 1870); coñece tamén algúns estudos críticos sobre o movemento trobadoresco, especialmente os *Trovadores Galego-Portugueses* de Teófilo Braga (*Historia da poesía portuguesa (Escola provençal). século XII a XIV. Trovadores galego-portugueses*, Porto, Imprensa Portuguesa, 1871), que, curiosamente, aparece citado por Rodríguez Seoane nun artigo en que tamén fala de Pondal: “A su vez el poeta más genuinamente gallego, el inspirado autor de *La Campana d'Anllons*, sabido es que viene hace años trabajando en su poema *Los Eolas* [sic], tomando para modelo de los altos vuelos de la poesía gallega la épica camoniana” (cf. “Nuestras relaciones con Portugal”, *La Ilustración Cantábrica*, Madrid, nº 4, 5.2.82, p. 39).

¹³ Cfr. “Prólogo”, in Farruco P[ortela] Pérez, *Colección de poesías gallegas d'alguns autores c'un prologo do Excmo. Sr. D. Luis R. Seoane*, Pontevedra, n'a casa de Luis Carregal, 1882, p. XII.

¹⁴ Vid. a carta CXXVI, 10.5.1896, en M. Ferreiro, *op. cit.*, pp. 182-183. O propio Rodríguez Seoane tiñalle dedicado un poema a Pondal (“Epístola a Pondal”).

dos más importantes traballos críticos sobre a lírica galega medieval, así como das edicións que dos Cancioneiros se realizaban na altura das últimas décadas do século XIX. Son constantes na obra de Murguía as mencións dos traballos de estudiosos da nosa tradición literaria antiga, como Varnhagen, Diez, Ticknor, Monaci ou Braga, entre outros, aparecendo citados con certa frecuencia en artigos murguanos publicados en *La Ilustración Gallega y Asturiana*¹⁵, revista que Pondal coñecía e lía¹⁶.

Noutras obras murguanas de maior entidade, como *Galicia*, tamén aparecen referencias á lírica trovadoresca¹⁷, culminando esta preocupación na publicación de *Los Trovadores Gallegos*, en 1905, precisamente, como veremos más adiante, á altura da redacción da cantiga neotrovadoresca pondaliana¹⁸.

[218] Mais sendo certo que parte dos textos trovadorescos puideron ser coñecidos por Eduardo Pondal tanto directamente como a través de Manuel Murguía, a figura fundamental na difusión da lírica trovadoresca en Galiza é Antonio María de la Iglesia, que mantiña relacións persoais con Pondal (“Mis recuerdos a nuestro común amigo, D. Antonio de la Iglesia”, dille en carta Pondal a Andrés Martínez Salazar, editor de *El Idioma Gallego*, en Decembro de 1887¹⁹) e que publicou a súa obra nunha colección que Pondal recibía puntualmente. Existe constancia documental da solicitude, envío ou lectura de numerosos libros da ‘Biblioteca Gallega’ de Andrés Martínez Salazar²⁰; más aínda: todas as publicacións desta colección eran sistematicamente enviadas a Eduardo Pondal polo director da colección, como mostran afirmacións contidas na correspondencia cruzada entre o poeta e o erudito astorgano:

Gracias, amigo mío; yo, *Dieu merci*, sigo bueno por esta arenosa Lage, pueblo de mis mayores y recibo (y por ello le doy las más expresivas) oportunamente los volúmenes de nuestra Biblioteca gallega” (15.7.1892)²¹;

ou

¹⁵ Vid., por exemplo, “Revista de la decena” (*La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, nº 27, 30.9.1879, pp. 321-322), “El folk-lore español” (nº 28, 8.10.81), ou “El folk-lore español” (nº 30, 28.10.81, pp. 352-353), onde, falando da recolla de cantares populares, acaba cunha evocación lírica en que aparece unha referencia a Pondal: “El que nació entre vosotros, allá abajo, orillas del viejo Océano, en el país del duro celta; aquel cuyos antepasados labraron la áspera tierra de Almerez, patria dichosa del poeta amigo, que no reniega de vosotros ni de vuestra lengua, os dice: todo cuanto es vuestro, es para mí sagrado” (p. 253).

¹⁶ Vid., por exemplo, a carta XXIX, 13.11.1881, en M. Ferreiro, *op. cit.*, pp. 102-103.

¹⁷ Vid. M. Murguía, *Galicia*, Barcelona, Daniel Corteza y Cía, 1888, pp. 360-367, 676-680 ou 884 (citamos pola edición facsimilar de Ed. Xerais, 1982).

¹⁸ *Los Trovadores Gallegos*. Conferencia dada en al Academia de Bellas Artes de La Coruña. El día 22 de Enero de 1905 por D. Manuel Murguía, La Coruña, Establecimiento Tipográfico de La Voz de Galicia, 1905.

Pondal comunica a recepción deste libro e felicita a Murguía pola súa publicación: “Doy a V. mi enhorabuena por su nombramiento de presidente de nuestra Academia Gallega; y se la doy, asimismo, por su notabilísimo estudio crítico sobre los Trovadores Gallegos, el cual leí con fruición indecible y guardo como oro en paño y cuya calorosa dedicatoria agradezco en extremo” (cfr. M. Ferreiro, *op. cit.*, pp. 215-216, carta CLXII, 16.10.1905).

¹⁹ Cfr. *ibid.*, p. 138 (carta LXXVII, 1.1.2.87).

²⁰ Concretamente, dos seguintes libros: *Los Precursorres*, de M. Murguía (*ibid.*, p. 121, carta XLVIII [1885]); *Soazes d'un vello*, de B. Losada (*ibid.*, p. 123, carta LI, 16.8.1886); *Varones ilustres de Galicia...*, de J. Pardiñas Villalobos (*ibid.*, p. 135, carta LXII, 16.5.1887); *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, de A. González Besada (*ibid.*, p. 138, carta LXXVII, 1.12.1887); *Elogio del sabio benedictino Fr. Benito Jerónimo Feijoo...*, de M. Macías (*ibid.*, p. 138, carta LXXVII, 1.1.2.1887); *Estudios sobre Galicia*, de L. Saralegui (*ibid.*, p. 145, carta LXXXV, 4.11.1888); *El cerco de La Coruña en 1589 y Mayor Fernández Pita (Apuntes y documentos)*, de A. Martínez Salazar (*ibid.*, p. 154, carta XCV, 3.9.1889); *Homenaje a la Coruña*, de A. Martínez Salazar (*ibid.*, p. 168, carta CX, [1891]); *Poesías Gallegas*, de A. Camino (*ibid.*, p. 184, carta CXXVIII, [1896]); *Los Hidalgos de Monforte*, de B. Vicetto (*ibid.*, p. 209, carta CLVI, 7.5.1904).

²¹ Cfr. *ibid.*, p. 169 (carta CXII).

Recibo puntualmente los libros de la Biblioteca y por ello le reitero expresivas gracias
(8.2.1894)²².

A publicación dos tres volumes de *El Idioma Gallego* en 1886²³ foi fundamental no proceso de accesibilidade duns textos que circulaban en edicións paleográficas (Monaci, 1875; Molteni, 1880) ou en edicións críticas, como a de Teófilo Braga, publicada en Portugal.

[219] Certamente non podemos excluír que Pondal coñecese o Cancioneiro da Vaticana a través da edición de Teófilo Braga²⁴, con quen mantiña correspondencia²⁵, algunas de cuxas obras eran coñecidas polo poeta, segundo afirma Bouza Brey, que manexou os manuscritos e a biblioteca do poeta bergantiñán (“Conocía perfeitamente a literatura portuguesa e á historia nos nosos irmans pol-as obras completas do Teófilo Braga [...]”²⁶), ao tempo que, probabelmente, manexaría o exemplar que Murguía tiña da edición de Braga desde 1884, como mostra unha tarxeta do 11 de Outubro deste ano que o erudito portugués lle envía ao futuro presidente da Academia Galega:

Remetto um exemplar do Cancioneiro da Vaticana; não vai a consignação, mas vendido. O preço e 6000 rs., com o abatimento de costume. Como nunca pude liquidar completamente os 25 primeiros exemplares que primeiro ai puz a commissão, não posso continuar na mesma forma. Se não convier o exemplar, quando por ai passar o trarei. Sempre amigo, Theophilo Braga²⁷.

De todos os xeitos, podemos afirmar con seguridade que Eduardo Pondal manexou a antoloxía de Antonio de la Iglesia, cuxos textos seleccionados subministran todos os elementos fundamentais presentes nas dúas redaccións da cantiga neotrobadoresca pondaliana, sendo, por tanto, irrelevante que a fonte directa fose Braga, xa que o erudito coruñés transcribe as cantigas seguindo fielmente a edición do portugués, cos seus acertos e cos seus errores²⁸, utilizada para a antoloxía, como demostra a correspondencia cruzada entre os dous intelectuais.

Antonio de la Iglesia solicitálle a Braga, en Setembro de 1885, información sobre a edición do Cancioneiro da Vaticana:

[220] “Del Cancioneiro portuguez da Bibliotheca Vaticana si corre impreso en Portugal, desearia saber á quien dirigirme para obtener un exemplar de obra tan señalada

²² *Ibid.*, p. 173 (carta CXVI).

²³ Antonio de la Iglesia, *El Idioma Gallego. Su antigüedad y vida*, La Coruña, Latorre y Martínez.- Editores, 1886.

²⁴ Theophilo Braga, *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição crítica restituída sobre o texto diplomático de Halle, acompanhada de um glossario e de uma introducção sobre os trovadores e cancioneiros portuguezes*, Lisboa, Imprensa Nacional, MDCCCLXXVII.

²⁵ Consérvase unha carta de Teófilo Braga agradecendo a Pondal o envío de *Queixumes dos Pinos*, onde afirma, por certo, que nesta obra “ha um muito da tradição trovadoresca e dos cantos populares, pelo artificio das estrophes e tambem pela malicia bondosa do vulgo” (cfr. M. Ferreiro, *op. cit.*, p. 130, carta LXV, 17.12.1886).

²⁶ Cfr. Fermín Bouza Brey, “A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus ‘Queixumes’”, *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 210, 1.3.1925, p. 9.

²⁷ Citado por T. López, *Névoas de antano*, *op. cit.*, p. 54, n. 80.

Convén sinalar, tamén, que existen outras obras de Braga onde a lírica trovadoresca ocupa un lugar importante, sobre todo nos *Trovadores Galecio-Portuguezes* (1871), onde se reproducen varias cantigas de Joan Zorro, entre elles a que deu orixe á cantiga neotrobadoresca ponaliana (vid. p. 206).

²⁸ “Como o autor só coñece a edición de Braga, transcreberá as cantigas tal e como o fixera o seu editor portugués, reproducindo así os seus acertos e errores, tanto de leitura e interpretación como de atribución” (cfr. T. López, *Névoas de antano*, *op. cit.*, p. 83).

y curiosa, lo mismo para el particular que á estos asuntos se consagra, como para figurar en la biblioteca del Folk-lore Gallego”²⁹;

e oito meses despois xa se dirixe a Braga anunciándose a impresión do segundo volume:

“Está en prensa el tomo II, que del propio modo, (asi como el tercero en su dia) tendrá el honor de enviar á V.; en el cual van un buen número de composiciones del “Cancioneiro portuguez da Vaticana” cuya edición de V. hice venir de Lisboa”³⁰.

Para alén dos textos publicados por Antonio de la Iglesia, outros textos medievais, como a *Crónica Troiana* en edición de Andrés Martínez Salazar³¹, reforzarían en Pondal o coñecemento e a consideración da importancia dos textos antigos medievais, especialmente para un poeta en que as consideracións históricas teñen tanto peso na súa obra. Así, en carta ao seu editor, di o poeta:

“Recibida su obra notabilísima.

He hojeado ya algunas de sus páginas y veo que es excelente; y la pongo, por ende, sobre mi cabeza”³².

[221] Deste xeito, o coñecemento de textos medievais, en xeral, e de textos trobadorescos, en particular, está asegurado en Eduardo Pondal, que manifestou en diversas ocasións o seu interese polas cuestións lingüísticas da Idade Media e que, sen dúbida, coñecía máis documentos que os aportados por De la Iglesia na súa antoloxía, como suxire o emprego de “nuevos” no enunciado “Nuevos documentos de la lengua gallega. Dn. Antonio M. de la Iglesia”, que aparece nunha relación autógrafa de libros sobre Galiza elaborada polo poeta da Ponteceso.

Seguramente tamén de 1905, ano en que comeza a organizarse a Real Academia Gallega³³, debe proceder un manuscrito autógrafo pondaliano cunhas “Proposiciones a nuestra

²⁹ Cfr. *ibid.*, p. 109, carta 1 (30.9.1885).

³⁰ *Ibid.*, p. 118, carta 6 (26.5.1886).

³¹ *Crónica Troyana*. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid, con apuntes gramaticales y vocabulario por D. Mnauel R. Rodríguez. Publicalo a expensas de la Excmo. Diputación de esta provincia Andrés Martínez Salazar, La Coruña, Imprenta de la Casa de Misericordia, 1900 (2 vols.).

Na coruñesa *Revista Gallega* (16.6.1901) publica Pondal un poema celebrando a a edición deste texto:

Esa *Crónica Troyana*,
q[u]’agora de fresco temos
por persoa castellana,
señores..., ¡béigana os demos!,
é unha cousa soberana.

En eses acentos bravos,
de fortes... e non d’escravos,
con alentos soberanos
parez que diga...: “Abrazavos,
Gallegos e Lusitanos”.

Abrazádevos contentos
destes vosos nobres soes,
sonoros e roburentos,
¡que son os vosos acentos
os acentos de Camões!

³² Cfr. M. Ferreiro, *op. cit.*, p. 205 (carta CLI, 15.3.1901).

³³ O dia 1 de Setembro deste ano é aprobado o regulamento e o día 4 de Setembro reúnense unha Comisión para comenzar o traballo e determinar os nomes dos académicos, Pondal incluído (vid. R. Carballo Calero, *Historia da Literatura Gallega Contemporánea*, Vigo, Ed. Galaxia, 1975, 2^a ed., p. 138).

Academia Gallega”, onde, entre outros puntos referidos á recollida do léxico galego moderno, das tradicións populares, ao inventario de castros e mámoas e á restauración topónimica, destaca o segundo punto:

“2º Léxico gallego antiguo. Este interesante lexico debe tomarse de nuestros documentos antiguos de todo genero (Documentos literarios y poeticos y documentos publicos (y aun del portugués en los casos dudosos).

Es excusado encarecer la excelencia de un lexico gallego antiguo”.

A cantiga “ao estilo” de Joan Zorro

Os materiais manuscritos legados testamentariamente por Eduardo Pondal á Real Academia Galega á súa morte son, con certeza, multiformes e de diversa condición. Á parte de todo o material referido aos *Eoas*, existen numerosísimos autógrafos con múltiplas redacción de poemas xa editados, con maior ou menor fortuna, por estudiosos da obra pondaliana, como Carballo Calero ou Amado Ricón.

Mais no medio dun grosso mazo de papeletas deste tipo achamos dúas (161x113 mm. aprox.) que conteñen unha dupla redacción dun texto neotrobadoresco baseado nunha cantiga de amigo do xogral Joan Zorro.

A primeira presenta dúas variantes de redacción, contendo un refrán diferente para cada un dos dous dísticos:

Debaixo da sombra de bosco frorido
Trebellei, madre, c'un mozo garrido [222]
Trebellei tanto,
 Que non trebellara,
 prouguera
 Amor fixera
 Que me cansara.

Debaixo da sombra de bosco tecido
Trebellei, madre, c'un mozo belido,
 Agora non cuido
 Que non cuidara;
 Pregue a Deus madre,
 A Dios prouguera,
 Que non trebellara.

A segunda tamén presenta dúas vacilacións no seu texto (*[bosco] tecido/escondido*, v. 7; *E/Ay*, v. 9), mais, sendo basicamente coincidente coa primeira versión, sen dúbida supón unha redacción más acabada, pola presenza de título e a superior elaboración do refrán con rima consoante en todos os versos, ao contrario da primeira versión, en que só rimaban os pares:

Cantiga trobadoresca al estilo | de Joan Zorro

Debaixo da sombra de bosco frorido
Trebellei, madre, c'un mozo belido,
 Nunca mal hora,

Me descuidara,
Pois cuido agora
Que non cuidara.

escondido

Debaixo da sombra de bosco tecido
Trebellei, madre, c'un mozo garrido;
Ay! E cuido agora
Que non cuidara;
Canto mellor fora
Que non trebellára.

Baseándonos nos indicios xa apontados (título e maior elaboración do refrán) establecemos o texto sobre a segunda redacción da cantiga: [223]

Cantiga trobadoresca al estilo de Joan Zorro

Debaixo da sombra de bosco frorido
Trebellei, madre, c'un mozo belido,
Nunca mal hora
Me descuidara,
5 Pois cuido agora
Que non cuidara.

Debaixo da sombra de bosco tecido
Trebellei, madre, c'un mozo garrido;
E cuido agora
10 Que non cuidara;
Canto mellor fora
Que non trebellara.

A orixe do poema pondaliano está na cantiga *Pela ribeira do rio salido* (B 1158/V 760), de Joan Zorro, recollida por Antonio de la Iglesia³⁴, que presenta un texto correcto se o confrontarmos coa excelente edición crítica realizada por Celso Ferreira da Cunha³⁵:

³⁴ Vid. *op. cit.*, vol. II, p. 105 (segundo o texto de Braga, *op. cit.*, pp. 143-144, con lapsos nos vv. 2 e 8, en que aparece *con por com*).

³⁵ Celso Ferreira da Cunha, *O Cancioneiro de Joan Zorro. Aspectos Lingüísticos. Texto Crítico. Glossário*, Rio de Janeiro, 1949, pp. 57-58.

Sobre o refrán desta cantiga áinda existe outras propostas de edición, como a de C. Michaëlis de Vasconcelos (*Cancioneiro da Ajuda*. Ed. de ..., reimpressão da edición de Halle (1904), Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990, vol. II, p. 894, nota 3):

Amor ei migo | que non ouvese!
Fiz por amig' | o que non fezese!,

ou a de J. J. Nunes (*Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário por..., Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 1973, vol. II, p. 353):

amor ei migo, que non ouvesse;
fiz por amigo que non fezesse!

A proposta de corrección feita por Manuel Rodrigues Lapa non parece aceptábel (“O texto das cantigas d’ amigo”, in *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*, Coimbra, Acta Universitatis Conimbrigensis, 1982, p. 185):

amor ei migo, —quen non n’ ouvesse!
fiz por amig’ o que non fezesse.

Pela ribeira do rio salido
trebelhey, madre, con meu amigo;
 amor ey migo
 que nom ouvesse;
 fiz por amigo
 que nom fezesse.

Pela ribeira do rio levado
trebelhey, madre, con meu amado;
amor ey migo
que nom ouvesse;
fiz por amigo
que nom fezesse.

[224] A cantiga de Joan Zorro consta de dous dísticos, con paralelismo verbal sinónimo, presentando un esquema a10' a9' A4' B4' A4' B4', estrutura que basicamente mantén Pondal, se ben na elaboración deste se acrecenta unha sílaba nos dísticos; mais o seguimento é completo xa que persiste a irregularidade métrica do poema orixinal (a11' a10'); por outra parte, mantense a rima consoante, se ben Pondal reitera a rima do primeiro dístico (na cantiga *-ido/-igo*) tamén no seguinte, unificándoa en *-ido*.

Canto ao refrán, a elaboración pondaliana mantén globalmente a medida tetrasilábica do orixinal, se ben de novo se introduce unha irregularidade métrica no refrán do segundo dístico, aumentando unha sílaba métrica nos dos últimos versos; no que di respecto á rima, aparece a mesma distribución con mudanza fonética (*-igo*, *-esse* >*-ora*, *-ara*).

A unificación rimática na cantiga pondaliana fica compensada pola introdución dunha variación sinonímica tamén no refrán, que distancia a elaboración moderna con respecto ao orixinal trobadoresco, que, conforme aos usos habituais na escola, mantén inalterado o refrán.

Canto ao desenvolvimento conceptual e discursivo da composición pondaliana, o poema supón unha combinación de elementos medievais, presentes na cantiga de Joan Zorro mais tamén procedentes doutros textos antigos, e de fórmulas expresivas características da poética de Eduardo Pondal.

Entre os elementos de procedencia trobadoresca áchase, en primeiro lugar, *madre*, figura presente na cantiga orixinal e en numerosas cantigas de amigo, utilizada agora por [225] Pondal, ainda que esta forma arcaizante se documenta na lingua do poeta como variante esixida por motivos métricos, fronte ao uso xeral de *nai* na lírica pondaliana³⁶.

miña *madre*, valédemme,
valédemme, por Dios (QP 5.7)
madre escura d'escuros ilotas,
Mesenia infeliz (QP 72.3)

Pasará todo ser do seu desterro
e á *madre* común retornará (“Inmortal”, v. 8)

³⁶ Vid. QP 2.5, 28.49, 31.26, 41.82, 45.74, 45.102, 45.126, 50.18, 67.2, 72.3, 78.13, 79.13, 79.66, 79.69, 86.15; *Campana d'Anllóns* (1895), vv. 343, 401, 404. Os textos de *Queixumes dos Pinos* (QP) son tirados de Eduardo Pondal, *Poesía Galega Completa. I. Queixumes dos Pinos*. Ed. de Manuel Ferreiro, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995 (o primeiro dos números indica o poema, o segundo o verso).

Con relación a *trebellar*, este verbo non se rexistra na lírica pondaliana, mais está presente na lingua popular galega até hoxe, tanto no seu significado recto ('argallar') como eufemístico referido á relación sexual. Certamente a fonte directa é Joan Zorro, xa que só se documenta noutras dúas cantigas que non aparecen recollidas na antoloxía de Antonio de la Iglesia.

Así, aparece na terceira estrofa da cantiga «Se gradoedes, amigo» (B 826/V 412), de Afonso Eanes do Coton:

Todos andan *trebelhando*
—estes con que vós soedes
trebelhar— e vós chorando;
por Deus, e *que* dem' avedes?
amigo, por *que* andades
[tan trist' ou por que chorades?].

A outra cantiga que presenta *trebelhar*, «Don Tisso Perez, queria oj' eu» (B 1657/V 1191), da autoría de Pero da Ponte, pertence ao cancioneiro de escarnho e de mal dizer e tampouco aparece recollida por De la Iglesia³⁷: [226]

Don Tisso Perez, queria oj' eu
seer guardado do *tre[be]lho* seu
e per-doar-lh' o baton que fui meu;
mais non me poss' a seu jogo quitar;
e Tisso Perez, que demo mi o deu
por sempre migo querer *trebelhar*?

De *trebelhar*-mi á el gran sabor
e eu pesar, nunca vistes maior,
ca non dórmio de noite, con pavor,
ca me *trebelha* sempre ao lúar:
Demo o fezo tan *trebelhador*
por sempre migo querer *trebelhar*.

Cada *que* pode, mal me *trebelhou*;
e eu por én ja mi as[s]anhando vou
de seu *trebelho* mao, *que* vezou,
con que me ven cada noit' espertar;
e Tisso Perez, Demo mi o mostrou
por sempre migo querer *trebelhar*.

Polo que respeita a *belido* (con grafía etimolóxica “b” e atribución á figura masculina), a súa presenza vén condicionada pola ampla representación que este adxectivo ten nas cantigas de amigo, normalmente aplicado á figura da nai³⁸ ou da propria amiga³⁹, para [227]

³⁷ O texto establecido na edición crítica de Severo Panunzio (Pero da Ponte, *Poesías*, Vigo, Ed. Galaxia, 1992, pp. 207-208) afástase notoriamente do que aquí propomos. Nas *Cantigas de Santa María* tamén se rexistra *trebelhar* (vid. Afonso X, o Sábio, *Cantigas de Santa María*. Ed. de W. Mettmann, Coimbra, Acta Universitatis Comimbrigensis, 1972, vol. IV (*Glossário*), s.v. *trebellar*).

³⁸ Don Dinis, «Ma madre velida», B 592/V 195, v. 1; Airas Carpancho, «Madre velida, meu amigo vi», B 658/V 259, v. 1; «Madre, pois vós desamor avedes», B 661/V 262, vv. 7, 11; «Molher com'eu non vive coitada», B 662/V 263-264, vv. 5, 10; Garcia Soares, «Madre, se meu amigo veesse», B 849/V 435, v. 6; Joan Servando, «A San Servando', u ora van todas orar», B 1147/V 739, vv. 2, 7, 12; «Mia madre velida, e non me guardedes», B 1149/V 741, v. 1; Lopo, «And' ora triste, fremosa», B 1250/V 855, v. 15; Golparro, «Mal faç' eu, velida, que ora non vou», B 1266/V 972, v. 1; Joan de Requeixo, «Amiga, quen oj' ouvesse», B 1293/V 898, v. 14.

alén da súa anecdótica presenza nas cantigas satíricas⁴⁰. O vocáculo aparece, pois, en numerosas cantigas presentes na antoloxía de Antonio de la Iglesia, mais consideramos especialmente significativas aqueloutras en que *velido* adxectiva estritamente o corpo da amiga, xa que talvez a forma masculina do adxectivo no sintagma *corpo velido* dalgunhas cantigas puido ser o elo de unión entre a canónica atribución de *velida* á nai ou á amiga e a cualificación pondaliana do namorado con este mesmo adxectivo.

As tres cantigas medievais que presentan este sintagma («De que morredes, filha, a do corpo velido?» [B 567/V 170], de Don Dinis; «As froles do meu amigo» [B 817/V 401], de Pai Gomez Charinho; «Eno sagrado, en Vigo» [PV 6/B 1283/V 889], de Martin Codax) aparecen recollidas na antoloxía de Antonio de la Iglesia:

—De que morredes, filha, a do corpo *velido*?
madre, moyro d' amores, que mi deu meu amigo
alva e vay liero. (vv. 1-3)⁴¹

Pera chegar ao ferido
e servir-mi corpo *velido*;
e vam-se as frores
d'aqui bem com meus amores! (vv. 25-30)⁴²

En o sagrad' en Vigo
baylava corpo *velido*;
amor ey.

En Vigo, no sagrado,
baylava corpo delgado;
amor ey. **[228]**

Hu baylava corpo *velido*,
que nunca ouvera amigo;
amor ey. (vv. 1-9)⁴³

³⁹ Algunhas destas cantigas aparecen na antoloxía de Antonio de la Iglesia: Don Dinis, «Levantou-s' a velida», B 569/V 172, v. 1 (vid. *op. cit.*, vol. II, pp. 179-180); Joan Soarez Coelho, «Ai Deus, a vó-lo digo», B 690/V 292, vv. 3, 6, 9, 12; Afonso Lopez de Baian, «Disseron-mi ūas novas de que m' é mui gran ben», B 740/ V 342, vv. 4, 8, 12, 16; Pedr'Eanes Solaz, «Eu, velida, non dormia», B 829/V 415, v. 1; Airas Nunez, «Bailemos nós ja todas tres, ai amigas», B 879/ V 462, v. 3; Pero de Bardia, «Assanhou-s' o meu amigo», B 1120bis/V 712, v. 9; Joan Servando, «Trist' and' eu, velida, e ben vo-lo digo», B 1149bis/V 742, v. 1; Pero Meogo, «Ai cervos do monte, vin-vos preguntar», B 1187/V 792, vv. 3, 6 (*ibid.*, p. 269); «[Levou-s' a louçana]», B 1188/V 793, v. 2 (*ibid.*, p. 270); «Digades filha, mia filha velida», B 1192/V 797, v. 1 (*ibid.*, p. 273).

Mais tamén aparece en cantigas de amor: Joan Zorro, «En Lixboa, sobre-lo mar», B 1151a-1152a/V 754, vv. 3, 6, 9, 12 (*ibid.*, p. 99); Pedr'Eanes Solaz, «Eu sei la dona velida», A 281, v. 1; Roi Fernandez, «Quand' eu non podia veer», B 923/V 488, v. 4.

⁴⁰ Lopo Lias, «D'esto son os zevrões», B 1343/V 950, v. 16; Pero da Ponte, «Dade-m' alvissara, Pedr' Agudo», B 1639/V 1173, v. 4.

⁴¹ Cfr. A. de la Iglesia, *op. cit.*, vol. II, pp. 175-176.41 Cfr. A. de la Iglesia, *op. cit.*, vol. II, pp. 175-176.

⁴² *Ibid.*, pp. 165-166.

O texto do refrán da cantiga en De la Iglesia (e de Braga, por tanto) non corresponde á lección dos manuscritos (vid. A. Cotarelo Valledor, *Cancioneiro de Paio Gómez Charinho...*, Madrid, Librería General de Victoriano Suárez, 1934 pp. 359-360 do “Apéndice I” de E. Monteagudo Romero, ed. facsimilar, Xunta de Galicia, 1984):

E van-s' as frores
d' aqui ben con meus amores!
Idas son as frores
d' aqui ben con meus amores!

⁴³ *Ibid.*, p. 281.

Por outra banda, dado que na lírica pondaliana impresa non se documenta *frorido*, posiblemente este adxectivo, con tratamento fonético semieruditio do grupo consonántico /fl/ característico de Pondal, proceda de dúas cantigas medievais presentes na antoloxía de Antonio de la Iglesia. A primera, a cantiga «Bailemos nós ja todas tres, ai amigas» (B 879/V 462), de Airas Nunez⁴⁴, aparece en De la Iglesia coa seguinte nota: “Es la 462 del «Cancioneiro da Vaticana», hay en el mismo la 761, de Joham Zorro, pero no trae la estrofa tercera al final. Siglo XII.”⁴⁵:

Baylemos nós ja todas, todas, ay amigas,
sô aquestas avelaneyras floridas;
e quem for velida como nós velidas,
 se amigo amar,
sô aquestas avelaneyras *floridas*
 verrá baylar.

Baylemos nós ja todas todas ay irmansas
sò aqueste ramo d' estas avelanas;
e quem for louçana como nos louçanas
 se amigo amar,
sò aqueste ramo d' estas avelanas
 verrá baylar.

Por deus, ay amigas, mentr' al nom fazemos
sô aqueste ramo *florido* baylemos; [229]
e quem bem parecer como nós parecemos,
 se amigo amar,
sô aqueste ramo sol que nós baylemos
 verrá baylar.

Mais tamén puido intervir a cantiga «Oí oj' eu üa pastor cantar» (B 868-869-870/V 454), do mesmo trobador, cuxo verso oitavo apresenta tamén o adxectivo *froldo*⁴⁶:

“Sol-o ramo verde *froldo*
vodas fazen ao meu amigo;
e choram olhos d' amor!”.

Finalmente, para alén de *madre*, *trebellar*, *belido* e *frorido*, de raigame trobadoresca, co *bosco* pondaliano, que supón a substitución do indiciado *locus amoenus* orixinal (*rio*

O texto da cantiga de Martin Codax establecido por Braga e copiado por De la Iglesia apresenta numerosas incorreccións en relación á lección dos manuscritos (vid. C. Ferreira da Cunha, *O Cancioneiro de Martin Codax*, Rio de Janeiro, 1956, pp. 74-83).

⁴⁴ Variante da cantiga «Bailemos agora, por Deus, ai velidas», de Joan Zorro [B 1158bis/V 761] (vid. C. Ferreira da Cunha, *O Cancioneiro de Joan Zorro*, op. cit., pp. 59-60).

⁴⁵ Cfr. op. cit., vol. III, pp. 32-33. O texto establecido por Braga e recollido por De la Iglesia (con lapsos e correccións: en Braga, v. 2 *avelaneyras*; v. 5: *froldas*; etc.) resulta bastante deficiente se o confrontarmos cos manuscritos (vid. G. Tavani, *A poesía de Airas Nunez*, Vigo, Ed. Galaxia, 1992, pp. 112-115).

⁴⁶ Cfr. A de la Iglesia, op. cit., vol. III, p. 35 (en Braga, no v. 1, *verde, froldo*). Unha lectura más apurada dos manuscritos dá lugar a un texto diverso do de Braga e De la Iglesia para estes versos (vid. G. Tavani, op. cit., pp. 83-89):

“So-lo ramo verd' e froldo
vodas fazen a meu amigo;
choran olhos d' amor!”.

salido / rio levado), aparece un substantivo procedente da lingua medieval que non se rexistra no corpus dos trobadores, o que implica a procura dunha fonte diferente⁴⁷.

Certamente, na súa forma moderna *bosque* (procedente do provenzal a través do cat. *bosc*) xa aparece na lírica pondaliana en competencia cos sinónimos *fraga* (QP 50.17) e *selva* (QP 16.36):

non son ladrón qu'a espesura
anda buscando dos *bosques* (QP 87.28-29).

Parece claro, pois, que a súa presenza na cantiga se deberá a algunha leitura pondaliana doutros textos medievais, posibelmente nalgún texto prosístico recollido por Antonio de la Iglesia, pois Eladio Rodríguez González afirma:

“Este vocablo está abonado en *El Idioma gallego, su antigüedad y vida*, de Antonio de la Iglesia, donde se lee: *no bosco do mosteiro*”⁴⁸

[230] De todos os xeitos, na prosa medieval galega é de uso restrito, documentándose en obras como a *Historia Troiana*:

Et diz Dayres que estes dous cōdes eram moy nomeados et moy preçados ēno *bosco* de Mōtes Claros⁴⁹;

ou a *Crónica Geral de Espanha de 1344*, baixo a forma *boosco*:

Em Espanha ha muy altos montes e grandes serras, muitos e anchos valles e *booscos* de grandes proveytos⁵⁰.

Fronte a estes elementos procedentes da lingua medieval e, especialmente, da lingua trobadoresca, na cantiga pondaliana aparecen outros que corresponden aos usos escriturais do bardo bergantiñán: a referencia á *sombra* (do bosco) e mais os adjetivos *tecido* e *garrido*.

Para alén doutras documentacións de *sombra* na lírica pondaliana (“baixo a gigante sombra misteriosa / d'antiga e alta selva”, QP 16.35-36; “á sombra da fraga / nativa, súa nai”, QP 50.17-18), este substantivo rexístrase no inicio dun poema de *Queixumes* que, inevitabelmente, nos remete ao primeiro verso dos dísticos da cantiga neotrobadoresca:

Á *sombra* tecida
d'espeso z'rejal (QP 36.1-2)

Mais en *Queixumes* encontramos outro poema cuxa ambientación xeral responde a unha mesma situación que a descrita na cantiga que segue a Joan Zorro:

⁴⁷ No corpus trobadoresco non achamos *bosco* nin tampouco ningún sinónimo, agás unha documentación de *mato* na cantiga «O que seja no pavio» (B 1327/V 933), de Joan Fernandez d'Ardeleiro, v. 17 (“Coida-me lançar a mato”).

⁴⁸ Cfr. *Diccionario Encyclopédico Gallego-Castellano*, Vigo, Ed. Galaxia, 1958, vol. I, s.v. *bosco*.

⁴⁹ Cfr. *Historia Troyana*. Edición e introducción de Kelvin M. Parker, Santiago de Compostela, C.S.I.C., 1975, p. 189, l. 12.

⁵⁰ Cfr. *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Edición crítica do texto português por Luís Filipe Lindley Cintra, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1954, vol. II, p. 40, l. 4.

Outras documentacións de *bosco* deben ser procuradas na prosa portuguesa posterior, como, obviamente, o *Boosco deleytoso* ou o *Orto do Esposo* (vid. Bertil Maler, *Orto do Esposo*, Stockholm, Almqvist & Wiksell, 1964, vol. III, p. 55, s.v. *bosco*).

A túa garrida sombra,
 aló no medio do vran,
 vista de longe parece
 que dá frescura e zolás.
 Debaixo das túas follas
 hai un garrido areal,
 cunhas areas tan brancas, [231]
 que vén da beira do mar,
 qu'a quen te mira convidan
 ó sono... e outras cousas más (QP 46.5-14)

Canto ao adxectivo *tecido*, caracterizador de *bosco*, presenta a mesma semántica que en *Queixumes*, isto é, ‘mesto, entrelazado’:

en falange de ferro ben *tecida*
 que s'aprest'a luitar (QP 1.27-28, 90.31-32)

Á sombra *tecida*
 d'espeso z'reijal (QP 36.1-2)

en *tecidas* compañías sonorosas
 virándose ó voar (QP 45.41-42)

Polo que respecta ao adxectivo *garrido*, como cualificación do *mozo*, certamente constitúe un epíteto da poética pondaliana aplicado a calquera tipo de realidades, como mostra a amplísima utilización na lírica do poeta da Ponteceso, rexistrándose con frecuencia aplicado a seres masculinos ou femininos (vid. QP 14.33; 23.24; 25.3; 28.13; 36.11; 41.49; 51.1; 81.49; “Estramil”, v. 3; “O dolmen de Dombate”, v. 3; «Coma o son do pinal que murmurando», v. 16; “Recordo a Benito Vicetto”, v. 7; «Certo, é garrida cousa», v. 7, 15, 23; «Ela é doce e garrida», v. 1).

Mais tamén semella significativo que a única cantiga trobadoresca que presenta *garrido*, da autoría de Don Dinis (B 592/V 195), sexa tamén recollida na obra de Antonio de la Iglesia⁵¹:

Mha madr' é velyda,
 vou m' a la baylia
 do amor.

Mha madr' é loada,
 vou m' a la baylada
 do amor. [232]

Vou m' a la baylia
 que fazen en vila,
 do amor.

⁵¹ Cfr. *op. cit.*, vol. II, pp. 185-186. O texto de Braga e De la Iglesia é deficiente, máis unha vez, en relación á lección ofrecida polos cancioneiros (vid. J. J. Nunes, *op. cit.*, pp. 43-44).

Que fazen en vila
do que eu ben queria
do amor.

Que fazen en casa
do qu' eu muyt' amava
do amor.

Do qu' eu ben queria,
chamar-m' à *garrida*
do amor.

Do qu' eu muyt' amava,
chamar m' à *perjurada*
do amor.

A datación da cantiga

A datación da cantiga neotrobadoresca de Eduardo Pondal constitúe unha cuestión importante pola súa transcendencia á hora de fixarmos os inicios do neotrobadorismo galego.

Para establecermos a data de redacción do texto partimos da consideración e análise do grupo de elaboracións poéticas e notas manuscritas de diversa condición en que o manuscrito deste poema está inserido. Pois ben, as dúas papeletas que conteñen a cantiga forman parte dun grupo de autógrafos que nos remeten sistematicamente ao ano de 1905, xa que os textos literarios que o rodean están datados e publicados, na súa maioría, neste ano, precisamente o mesmo en que se publica *Los Trovadores Gallegos* de Murguía: redaccións fragmentarias de «Ela é doce e garrida» (datada en “Puenteceso, 2 de Agosto de 1905” e publicada en *Coruña Moderna*, 5.8.1905); numerosos manuscritos de «Do sublime cerebro de Cervantes» (*El Centenario del “Quijote” en Galicia*, Public. de la Liga de Amigos de La Coruña, Talleres de Fotograbado e Imprenta de Pedro Ferrer, 1905); “Pra Fuco de Tabeaio” (datada en “Ponteceso, 14 de San Xuan de 1905” e publicada en *Galicia*, Habana, 25.7.1905); varias versións de «Fillo cativo da gandra» (publicado tamén en *Coruña Moderna*, 18.6.1905, á parte doutras variacións editadas en anos anteriores e posteriores); “Pra Janiño” (publicado na *Revista Gallega*, 22.7.1905, mais no ms. datado en [233] “Ponteceso, 9 de Julio” e “mayo de 1905”); “Inmortal” (publicado por Francisco Mañach en 1907, mais datada en “Puenteceso (La Coruña), 23 Septiembre, 1905”)⁵²; etc.

Do mesmo xeito, outro tipo de escritos autógrafos presentes neste grupo continúan a sinalar o ano de 1905 como data da cantiga. Así, entre outros, aparecen as “Proposiciones a nuestra Academia Gallega”, xa referidas, así como o borrador dunha resposta epistolar de Pondal a Galo Salinas (“Janiño”) para evitar malentendidos pola publicación da súa composición satírica “Pra Janiño” e a correspondente resposta do director da *Revista Gallega*, no mesmo número da revista, “Pra Pondal”⁵³.

⁵² Concepción Arenal. *La munera más grande del siglo XIX*, Buenos Aires, Imprenta de Juan A. Alsina.

⁵³ A resposta de Galo Salinas aparece na *Revista Gallega* a continuación do texto pondaliano:

Coido que dendas qu'está
en Ponteceso vosté,
adérendeu á barbeiro,

[234] Conclusóns

A existencia, en 1905, deste poema pondaliano de teor e concepción claramente neotrobadorescos obriga a adiantar a recepción e a recreación do trobadorismo medieval na literatura galega⁵⁴ en seis anos con relación aos “Cantares d’amigo” do poeta catalán Carles Riba, escritos entre o 19 e o 24 de febreiro de 1911, fóra da Galiza, e en catorce anos con relación ao “Poemeto da vida”, datado o 28 de Xullo de 1919, de Johán Vicente Viqueira.

Dado que este poema permaneceu descoñecido no ámbito do privado até hoxe, con certeza é asisado “relativizar (ou resituar) a importancia de cal foi o primeiro poema en reelaborar elementos da lírica medieval”, convindo “diferenciar entre a prioridade crono-lóxica estrita e as orixes do neotrobadorismo como movemento poético. Pode darse o caso de que un texto fose cronoxicamente o primeiro en recrear elementos do cancionero medieval mais a repercusión que pode ter a aparición posterior doutros que utilicen procedementos semellantes pode ser nula se non se tornou público nesa altura pois non podería actuar nin fornecendo un modelo nin propiciando poemas posteriores”⁵⁵.

Mais tamén é certo que o feito de un dos autores galegos clásicos do Rexurdimento ter participado como silencioso iniciador dunha corrente tan importante ao longo do século XX, muda a perspectiva e suxire unha recepción da lírica medieval galega até agora descoñecida, en relación coa vontade de se apropiar e contribuír á recuperación da memoria histórica do sistema literario galego.

É verdade que a orixe remota do movemento neotrobadorista con incidencia pública se pode datar en 1926, a partir da publicación do poema “Lelías ao teu ouvido” de Fermín Bouza Brey. De todas as maneiras, non podemos nin debemos esquecer que o propio

como o *Fígaro* aquel
que o pelo á un tutor tomoulle
enousequio d'un marqués.
Eu non son marqués nin *torto*,
pro *varón*, sonlle, abofé,
e como aos cincuenta e pico
inda á calvo non cheguei,
autorizo ao meu maestro
pra que me tome o *crepé*,
cal o fai n-aqueles versos
que quen quixo poido lér.
E agradézolle a lembranza
pois sempre estimeino ben
e tomeino como espello,
e pra me lle parecer
rindo culto ao celibato...
¡inda case algunha ves...!

O borrador da resposta de Pondal, que non chegou a publicar, fai referencia ao contido dos versos anteriores:

“Meu caro Salinas:
Nunca cuidéi q'ese meu leve canto insignificante romancete merecese a dubidosa reprica que lle dedica.
N'el non hai tales Figaros, tales tutores, tales marqueses, tales Figaros, tales barbeiros, tales guerreiros, tales carneiros.
Non hai tales fantasmas.
Non hai mais que a nobre amistade que lle profese [sic] o seu boo amigo.
O sincero e nobre cariño que lle profesa o seu boo amigo”.

⁵⁴ Na literatura portuguesa xa tiña sido iniciado por João de Deus, co seu poema “Desalento”, inspirado nunha cantiga de Pero Gonçalvez de Porto Carreiro (vid. T. López, *O neotrobadorismo*, Vigo, Ed. A Nosa Terra, 1997, p. 19).

⁵⁵ Cfr. *ibid.*, p. 16.

Bouza Brey puido ter coñecido o texto pondaliano, xa que, como dixemos, manexou manuscritos do bardo bergantiñán para a confección, en 1925, do seu coñecido artigo sobre a revisión dos *Queixumes*.